

PARA O PROFESORADO: Proposta de actividades

OBXECTIVO: Sensibilizar ó alumnado sobre a importancia de adquirir coñecementos e actitudes ante unha evacuación.

Cada profesora ou profesor elixirá e/ou adaptará as actividades que considere axeitadas para o nivel do seu alumnado.

A0- Avaliación inicial.

- Describide cómo recoñecedes a alarma de emerxencia.
- Lista ordenada de qué debe facer o alumnado cando sona a alarma de emerxencia. ¿Hai algún punto do centro onde non se oe ben?
- ¿Onde se localiza o *Punto de encontro* do centro?
- ¿Qué é un simulacro, cada canto se fai un no centro e para qué serven?.
- Debuxar no encerado os sinais de emerxencia que recorden que hai no centro, útiles para unha evacuación.
- Conclusións.

A1- Un caso que pode ser real.

- Lectura individual ou en voz alta do texto da ficha e observación do debuxo.
- Dividir o encerado en dúas columnas: *Actuacións correctas/ Actuacións incorrectas*, que aparecen no debuxo e no texto.
- Conclusións.

A2- A ruta de evacuación.

O profesorado consegue os planos do centro coas rutas de evacuación que deberían estar na porta de cada aula e o Plan de Emerxencias do centro.

- Lectura e comentario do Plan de Emerxencias.
- En orden e en silencio percórrese o itinerario previsto para a evacuación da aula concreta, indicando previamente a quen teñen que dar preferencia de paso e memorizando a localización dos extintores ou mangueriras. Reúnense no *punto de encontro*, que debera estar convenientemente sinalado.
- Unha vez alí ou ao volver á aula, comentaranse as posibles dúbidas ou dificultades que poidan xurdir polo camiño.
- Repártense planos do centro sen rutas e o alumnado debuxa o percorrido que se debe facer dende cada aula ou lugar nos que lles pode tocar estar segundo o horario, indicando sobre cada inicio de itinerario a orden de prioridade de evacuación. Igualmente localizaranse no plano os sinais, portas de emerxencia e extintores do traxecto. Ó final cada aula deberá ter exposto un plano co seu itinerario de evacuación, ben marcado, preferiblemente elaborado polo propio alumnado.

A3- Avaliación

- Pasado un tempo prudencial e sen aviso previo nin a alumnado nin a profesorado, deberíase realizar un simulacro de evacuación, cronometrando o tempo total de desaloxo ata o punto de encontro.

- Ao volver á aula, o alumnado aplicará a actividade A1 á súa propia experiencia na evacuación: Relato dos feitos e recollida comparativa no encerado de actuacións correctas e incorrectas observadas no seu propio grupo (que traballou previamente o tema) e o resto de grupos do centro.
- Conclusións.

Suxerencias:

- As Actividades pódense realizar en calquera área con profesorado sensibilizado, sendo especialmente axeitadas, para as horas de titoría.
- A1 y A3 poden ser traballadas, ademáis, polas Áreas de Linguas, aproveitando o texto como base doutros exercicios propios da área.
- A2 para Plástica, Coñecemento do Medio ou Ciencias Naturais.
- Igualmente, en Plástica pódense deseñar, realizar e colocar sinais para as rutas de evacuación e para o punto de encontro, e cartaces cos planos e co que se debe e non se debe facer durante unha evacuación.
- No material complementario hai propostas específicas para Sociais.

Información complementaria.

1. A Lei de Prevención de Riscos Laborais obriga a todos os centros de traballo, incluídas escolas e institutos, ó establecemento dun Plan de Emerxencias cunha persoa responsable que organiza e coordina.
2. Débese informar a todo o persoal ocupante do edificio de cómo deben actuar ante unha emerxencia, sendo o profesorado responsable de que todas as persoas ó seu cargo secunden a evacuación. Para isto é imprescindible manter actualizada a lista de asistencia en cada aula.
3. É obrigado realizar simulacros serios de evacuación para detectar erros e tempos, polo menos unha vez ó ano, tomando nota das incidencias e do progreso.
4. Hai que asegurarse de que a alarma se oe perfectamente en calquera estancia do edificio.
5. As portas de saída deben ser suficientes, anchas, e abrirse cara fóra.
6. A evacuación debe realizarse ordenadamente, axiña, pero sen correr.
7. Antes de saír da aula, apagar as luces e desconectar aparatos eléctricos.

8. Durante a evacuación NUNCA se deberá:

- Utilizar os ascensores. Volver cara atrás.**
- Falar por teléfono. Fumar.**
- Retirar os vehículos do aparcamento.**
- Abrir as fiestras.**